

#UNIÓN.

PORQUE SOA NON PODES.
XUNTAS SOMOS MAIS FORTES.

#DEREITOS.

PORQUE CONEZO E DEFENDO
OS MEUS DEREITOS LABORAIS.

#SOLIDARIEDADE.

PORQUE SE TOCAN A UNHA,
TÓCANNOS A TODAS.

#INDEPENDENCIA.

PORQUE NON TEMOS LIBERADOS
NIN RECIBIMOS SUBVENCÍONS.

#ACCIÓN DIRECTA.

PORQUE DECIDIMOS AS
TRABALLADORAS, SEN
INTERMEDIARIOS.



COASA
Sección Sindical
coasa@cnt.gal



ALLARIZ-OURENSE
GALIZA
allariz@cnt.gal

Conta
con 

xuntas
somos
mais fortes



Sección Sindical
COASA

OURENSE

Estimados/as Compañeiros/as:

Acabouse a tontería:

Presentámosvos a Sección Sindical da CNT de COASA. Un grupo de compañeiros e compañeiras decidimos dar un paso adianteco fin de evitar que se volvan a repetir os vergoñentos feitos ocorridos durante as últimas negociacións entre empresa e comité de empresa. Para iso eliximos buscar o apoio da CNT.

Por que a CNT?

1. Porque a CNT **non cobra subvencións** do Estado. Mantense unicamente coas cotas dos seus afiliados. Desta maneira, evítanse servilismos.
2. Porque a CNT **non se presenta ás eleccións sindicais**. Desta maneira evítanse accións para a galería, unicamente co fin de rabuñar un puñado de votos e erosionando a unidade de acción necesaria para defender os intereses dos traballadores e traballadoras.
3. Porque a CNT presta **asesoramento continuo e vixía o comportamento dos/as seus/súas representantes** co fin de que non manchen o nome do sindicato con comportamentos impropios.
4. Porque é estritamente **assembleario**. Os/as representantes da sección sindical non teñen máis función que transmitir o que salga do conxunto dos/as traballadores/as, sen poñer nin quitar nin unha coma, e transmitir de volta o que a empresa comunique fielmente. Sen filtros nin censura, sen que haxa posibilidade de negociar nada ás costas dos/as traballadores/as que non sexa do seu agrado. Os/as representantes da CNT nin somos pastores nin sabemos o que convén ou deixa de convir de mellor maneira que o resto de compañeiros. Non nos caeu o coñecemento de súpeto cando saímos elixidos.
5. Porque os representantes da CNT non gozan de **ningún tipo de privilexio** con respecto ao resto de compañeiros/as: non hai horas sindicais destinadas a coller pontes para prolongar as fins de semana, nin para conciliar a vida familiar e laboral para dedicalas a outras actividades laborais, nin para prolongar as reunións dunha hora ou dúas e de paso xa nos pillamos o día enteiro etc.
6. Porque se os representantes da CNT non están á altura do encomendado, simplemente **césaselles** o máis axiña posible e non terás que tragalos durante anos.

Compañeiros e compañeiras:

Estas e outras moitas razóns que temos previsto presentarche en breve son o que nos fixo afiliarnos á CNT e formar esta sección sindical. Non quixemos afiliarnos a outro sindicato calquera dos tradicionais que aínda non tivese representación no comité de empresa e que ao final sería máis do mesmo.

Pero para que isto funcione, necesitámoste. É momento de deixar de chorar polos recunchos polo sucedido e recuperar o orgullo que demostrastes recentemente uníndovos a nós. Sabemos que, se houbese alguén fiable ao volante, as cousas terían sido doutra maneira.

Quedan **moitas cousas por facer** e non podemos permitir que volva ocorrer o mesmo de case sempre, e non será así, porque esta vez está aquí a sección sindical da CNT.

Non deixes o teu futuro en mans que ao final non che representan e decídete a facelo por ti mesmo/a. Coa sección sindical de Coasa **nunca máis te sentirás só ou abandonado/a**, porque serás ti mesmo quen tome as decisións. Ninguén te condicionará, desanimará ou algo peor que todos e todas vivimos nas nosas carnes recentemente.

ACABOUSE A TONTERÍA!!

PARTICIPA!!

ÚNETE!!